



Concello de Vigo
Secretaría Xeral

INFORME XURIDICO CON PROPOSTA DE RESOLUCION

Expte: 1216/1102

Informe xurídico de solicitude de acceso á información pública

Antecedentes

E data 12.05.2022 dona [REDACTED] solicita a remisión a través da Carpeta Cidadá da seguinte información:

- Copia del expediente de revisión del inventario nº 18994/240
- Documentos técnicos, xurídicos e/o contables obrantes no expediente no que se recollan as valoracións dos bens inmoables epígrafe Ib Viais propiedade do Concello
- Copia do expediente do Pleno (nº expte 1803/1101)
-

LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [ei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/06/2022 08:43	Páxina 1 de 8
1216-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

Aos efectos da LTAIBG (artigo 13) enténdese por información pública *"los contenidos o documentos, cualquiera que sea su formato o soporte, que obren en poder de alguno de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de este título y que hayan sido elaborados o adquiridos en el ejercicio de sus funciones."* É precisamente a "información pública" así concibida sobre a que se proxecta o exercicio do dereito de acceso nos termos sinalados no artigo 17.1 LTAIBG: *"El procedimiento para el ejercicio del derecho de acceso se iniciará con la presentación de la correspondiente solicitud, que deberá dirigirse al titular del órgano administrativo o entidad que posea la información"*.

A Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque o mesmo a elaborou ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas. E iso, para garantir o obxectivo que persegue a norma e que non é outro que *"ampliar y reforzar la transparencia de la actividad pública, regular y garantizar el derecho de acceso a la información relativa a aquella actividad"* (art. 1 de la LTAIBG).

SEGUNDO.- A interesada solicita

- Copia del expediente de revisión del inventario nº 18994/240
- Documentos técnicos, xurídicos e/o contables obrantes no expediente no que se recollan as valoracións dos bens inmobles epígrafe Ib Viais propiedade do Concello
- Copia do expediente do Pleno (nº expte 1803/1101)

a) Solicitudes de copia del expediente de revisión del inventario nº 18994/240 e documentos técnicos, xurídicos e/o contables obrantes no expediente no que se recollan as valoracións dos bens inmobles epígrafe Ib Viais propiedade do Concello

O Servizo de Patrimonio emite informe no que sinala *"En relación á solicitude de informe desa Secretaria Municipal relativo a información interesada por Dna [REDACTED] no documento de referencia, sinalar que xa se ten resolto dende esa secretaría o pertinente ó acceso a dito expediente de revisión e actualización do IMBD, como respecto aos informes técnicos de ditos traballos que se atopan en fase de revisión e comprobación para unha posterior aprobación da actualización do IMBD, tal e como se ten vido informando con anterioridade, en repetidas ocasións, en resposta ás solicitudes formuladas pola interesada."*

O artigo 18.1.a) da LTAIBG determina que se inadmitirán a trámite, mediante resolución motivada, as solicitudes que se refiran a información que estea en curso de elaboración ou de publicación xeral. Respecto dito artigo o Xulgado contencioso Administrativo nº 2 en recurso contencioso administrativo interposto pola solicitante en sentenza 50/22 << *Supone dos cosas tan simples como capitales que parecen no haber sido comprendidas por la recurrente, una que las solicitudes en esta materia pueden ser inadmitidas, no tienen que ser obligatoriamente atendidas en el sentido que el particular interese. Y dos,*

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/06/2022 08:43	Páxina 2 de 8
1216-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

que uno de esos supuestos en los que cabe la inadmisión es precisamente el que se le ha indicado a la actora, el que se hace constar en el propio portal de transparencia en este capítulo, y que es perfectamente compatible con que se "publicite" en ese portal, una información, a la que, sin embargo, no se puede acceder por el referido motivo, que no es definitiva, que está en fase de revisión, de manera que la verdaderamente disponible es la que es (inventario municipal del año 1993)"

Así mismo o artigo 18.1.e) da LTAIGB establece como causa de inadmisión as solicitudes que sexan manifestamente repetitivas ou teñan un carácter abusivo non xustificada coa finalidade de transparencia de dita lei. Neste senso cómpre o criterio interpretativo CI/003/2016 do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno de data 14 de xullo de 2016 relativo as causas de inadmisión de solicitudes de información determina "Una solicitud será MANIFIESTAMENTE repetitiva cuando de forma patente, clara y evidente:

- Coincida con otra u otras presentadas anteriormente por el mismo o los mismos solicitantes y hubiera sido rechazada por aplicación de alguno de los límites del artículo 14 o 15 de la LTAIBG o por concurrir alguna causa de inadmisión en los términos del artículo 18.

En todo caso, la repuesta debe haber adquirido firmeza por el transcurso de los plazos de reclamación o recurso contencioso-administrativo sin que éstos se hubieran interpuesto o cuando, habiéndose presentado, hubieran sido definitivamente resueltos y la denegación o inadmisión hubiese sido avalada por el Consejo de Transparencia y Buen Gobierno u órgano autonómico equivalente competente o por el órgano judicial correspondiente.

- Coincida con otra u otras presentadas anteriormente por el mismo o los mismos solicitantes y, habiéndose admitido a trámite, se hubiera ofrecido ya la información sin que hubiera existido ninguna modificación real o legal sobre los datos en su momento ofrecidos. En estos casos, deberá justificarse adecuadamente la ausencia de modificación de los datos inicialmente ofrecidos.

- El solicitante o solicitantes conocieran de antemano el sentido de la resolución por habersele comunicado en un procedimiento anterior por el órgano informante.

- Coincidan con otra u otras dirigidas al mismo órgano en períodos de tiempo inferiores a los plazos de tramitación legalmente previstos, de tal forma que las solicitudes presentadas previamente no hubieran finalizado su tramitación.

Neste senso faise constar

a) En data 22.10.2021 da Concelleira delegada da Area de Xestión Municipal ditou a seguinte resolución

" Primeiro.- Resolver a solicitude de acceso á información pública formulada por Dña [REDACTED] solicitada o 18/8/2021 e reitera o 15/10/2021, no que refírese os planos de situación de los tramos de la Rúa Milladas incluídos en el inventario de bienes o en su caso número de policía incluídos en dichos tramos a fin de poder identificar su ubicación, e recoñecer o seu dereito a acceder á información pedida, remitindo ó efecto, o informe de data 4/10/2021 do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Asistencia Municipal e documentación adxunta, do que xa selle deu traslado.

Segundo.- Inadmitir a súa solicitude no que atinxe a documentación o informes técnicos relativos a las mediciones de los viales que se hacen constar en la relación publicada en el

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/06/2022 08:43	Páxina 3 de 8
1216-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Portal de Transparencia del Concello, o tratarse de datos provisionais en fase de comprobación, consonte o exposto no artigo 18.1.da LTAIBG."

b)En data 25.11.2021 [REDACTED] solicitou o acceso e entrega, a través da súa posta a disposición na carpeta cidadana ou no seu caso indique o enlace a páxina do Concello onde conste publicada, a seguinte documentación:

- Expediente tramitado para a contratación da empresa contratista do servizo de actualización do inventario municipal
- Expediente tramitado en relación a execución dos traballos por parte da empresa e en que conste la documentación aportada por la mesma.

En data de sinatura dixital 29 e 30.03.2022 a Concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal ditou resolución na que se resolve "*Estimar parcialmente a solicitude formulada por dona [REDACTED] e facilitarlle o acceso ao expediente 18994/240, ligazóns: <https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/licitacion.jsp?id=62> acordo de adxudicación pola Xunta de Goberno local en data 11.05.2012 está publicado no seguinte enlace https://sede.vigo.org/expedientes/actas/fichero_actas.jsp?id=368&t=ACTA&id=1. Así mesmo o acordo de modificación do contrato pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 29.10.2014 atópase publicado no seguinte enlace. https://sede.vigo.org/expedientes/actas/fichero_actas.jsp?id=191&t=ACTA&id=1*

Facilitar o acceso mediante a súa comparecencia no servizo de Patrimonio.

Inadmitindo a solicitude de acceso ao expediente tramitado en relación co execución dos traballos por parte da empresa e en que conste a documentación aportada pola mesma.

Segundo dita resolución " En data 25.02.2022 o servizo de Patrimonio do Concello emitiu o seguinte informe "I.- Segun a información de que se dispoñe, en data 10/10/2012 asinouse coa empresa SCI S.C. Integral SL o contrato de comprobación, revisión e actualización do IMBD. Contrato que foille adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local do 11/05/2012, consonte ao prego de condicións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobadas o 22/10/2010, tendo por obxecto o contrato os bens e dereitos do Concello de Vigo. A Xunta de Goberno Local o 29.10.2014, acordou a modificación de dito contrato. O expediente de contratación tramitouse co no 18994-240.

II.- Como xa informouse, concluido ditos traballos, estase a traballar na preparación do documento necesario para a súa aprobación, sendo preciso incorporar a altas 2020, asi como revisar fichas e planos de viais (mais de 8000), co fin de mellorar o documento definitivo.

Os traballos contratados no seu dia, como os que estanse a realizar agora, ten como contido a revision dos datos do IMBD aprobado e sua actualizacion, coa incorporación das novas propiedades e dereitos adquiridos por esta administración. Unha vez aprobado inicialmente a actualización do inventario, sera obxeto de información publica para xeral coñecemento e formulación das alegacions que no seu caso procedan.

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/06/2022 08:43	Páxina 4 de 8
1216-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

III.- O acceso polos cidadans os datos do inventario, normativa reguladora do patrimonio das AAPP, debera principios de idoneidad, racionalidad, proporcionalidad e As consultas que se formulen deberán concretar a petición e a finalidade para que se destine dita información, procedente cando formen parte dun expediente e conforme de acceso a estos.

A teor disto, o que se plantexa e unha solicitude xenerica de acceso a toda a documentación e datos dos bens e dereitos que conforman o inventario aprobado como os que incorporaranse a este co remate dos traballos de revisión/actualización en curso. Dado o volumen e contido da información de que se trata, e a xeneralidade coa que se formula, non estimase que concurran os principios de idoneidad, racionalidad, proporcionalidad e seguridade sinalados, sen que se chegue a concretar a información interesada, a súa finalidade, nin formar parte esta dun expediente.

IV.- Cabe reseñar que xa se informou a reclamante e facilitouse o acceso os datos que, sobre determinadas vías da rúa Milladas constan no IMBD aprobado, ou en relación a información obrante no portal de transparencia, cumprimentándose o solicitado en informes e resolucións emitidos ó efecto nestes derradeiros meses (datas 4/10/2021, 22/10/2021, 22/11/2021 ou 23/12/20)“

O artigo 8 da LTAIBG as entidades locais deberán facer pública, como mínimo, a información relativa, entre outros, a todos os contratos, con indicación do obxecto, duración, o importe de licitación e de adxudicación, o procedemento utilizado para a súa celebración, os instrumentos a través dos que, no seu caso, publicouse, o número de licitadores participantes no procedemento e a identidade do adxudicatario, así como as modificacións do contrato. Igualmente serán obxecto de publicación as decisións de desistencia e renuncia dos contratos.

Neste senso o enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/perfilcontratante/licitacion.jsp?id=62> contén os datos xerais do contrato pero non permite o acceso aos documentos obxecto de licitación se ben o acordo de adxudicación pola Xunta de Goberno local en data 11.05.2012 está publicado no seguinte enlace https://sede.vigo.org/expedientes/actas/fichero_actas.jsp?id=368&t=ACTA&id=1. Así mesmo o acordo de modificación do contrato pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 29.10.2014 atópase publicado no seguinte enlace. https://sede.vigo.org/expedientes/actas/fichero_actas.jsp?id=191&t=ACTA&id=1

Non obstante, a interesada solicita acceso ao expediente sen indicar documentos concretos. Neste senso hai que ter en conta o deber de confidencialidade que expresamente contempla a Lei 30/2007, do 30 de outubro, en vigor no momento de adxudicación do contrato cuxo artigo 124 dispón o seguinte:

“1. Sin perjuicio de las disposiciones de la presente Ley relativas a la publicidad de la adjudicación y a la información que debe darse a los candidatos y a los licitadores, los órganos de contratación no podrán divulgar la información facilitada por los empresarios que éstos hayan designado como confidencial; es te carácter afecta, en particular, a los secretos técnicos o comerciales y a los aspectos confidenciales de las ofertas.”

E por isto polo que dada a natureza da información solicitada, o risco de que sexa facilitada por erro información empresarial que no proceda, considérase aconsellable que o acceso se realice de forma presencial mediante a súa comparecencia no Servizo de Patrimonio.

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/06/2022 08:43	Páxina 5 de 8
1216-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En relación á solicitude relativa ao expediente tramitado en relación a execución dos traballos por parte da empresa e en que conste a documentación aportada pola mesma cabe sinalar que tal e como se indica no portal de transparencia actualmente estase traballando na actualización do inventario e a data de emisión deste informe non foi aprobado inicialmente. Neste punto cabe sinalar que conforme o artigo 18 da LTAIBG inadmitiranse a trámite, mediante resolución motivada e , entre outras, as solicitudes que se refiran a información que estea en curso de elaboración ou de publicación xeral .

Así mesmo cómpre sinalar que o Xulgado contencioso administrativo en sentenza 50/22 desestimou o recurso contencioso-administrativo interposto por dona [REDACTED] fronte ao Concello de Vigo e a resolución municipal de 25 de outubro do 2021, que inadmitiu a solicitude de vista pública referente a documentación e informes relativos a medicións dos viais que se fan constar na relación publicada en el portal de transparencia do Concello de Vigo " Es decir, en cierto modo podemos afirmar que el portal de transparencia de la demandada, en este concreto punto, ya avanzaba la causa de inadmisión de la solicitud actora, ya que la información a que se refería, no está actualizada, está siendo objeto de revisión, y la que está disponible no es la resultante de los trabajos de esa contratista por esa misma razón, porque es precisa su supervisión. A la recurrente se le ha suministrado la que es definitiva, no la que tiene carácter provisional y este extremo es el que legitima la inadmisión que se ha impugnado. Debe comprender la recurrente la disociación entre las dos siguientes circunstancias, a saber, el hecho de que el trabajo realizado por la empresa contratista, se hubiese cerrado en el año 2016, no significa ni la aprobación de un nuevo inventario, ni que dicha relación de datos posea carácter definitivo.

Tras la conclusión de esos trabajos será la demandada la que deba contrastar y verificar su contenido, antes de ratificarlos pasando a integrar el nuevo inventario municipal, y mientras ese proceso no concluya, a la actora se le puede denegar el acceso a esa documentación provisional, por el solo hecho de serlo, sin perjuicio, insistimos, de la escasa o nula virtualidad que pueda tener para los efectos que la actora manifiesta y sin perder de vista que cualquier discrepancia que esta parte pueda tener de carácter dominical sobre la Rúa Milladas, su extensión y su eventual fricción con su propiedad, debe resolverse en el orden jurisdiccional civil sobre la base de documentación que se halle en poder y posesión de la demandante. Es decir, y teorizando sobre el sentido de la solicitud administrativa, lo que avanzamos que ningún orden jurisdiccional amparará es que se adquiera o reconozca el dominio inmobiliario residualmente o exclusivamente a partir de instrumentos como el inventario municipal.

La demanda solo puede ser desestimada ya que, en contra de lo que se sostiene en ella, no hay vicio de nulidad radical en la actuación combatida."

E por isto polo que procede a estimación parcial da solicitude."

Neste senso a interesada reitera novamente a solicitude de información que xa foi resolta e non constando a modificación do estado da tramitación dos expediente de revisión de inventario en tanto que non foi sometido a aprobación procede a inadmisión da solicitude polas causas 18.1.a) e e) da LTAIBG.

b) Solicitude de copia do expediente do Pleno (nº expte 1803/1101).-

Segundo informe do Secretario de Pleno de data 24.05.2022 o expediente 1803/1101 é o rexistrado na Secretaría Xeral do Pleno en data 10 de xullo de 2018 que está relacionado

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/06/2022 08:43	Páxina 6 de 8
1216-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

có expediente que foi ao Pleno Ordinario do mes de xullo do mesmo ano, expediente nº 83/143 , a Conta Xeral do 2017.

Neste senso en expte 1190-1102 consta a seguinte documentación

- En data 30.03.2022 dona ██████████ presenta solicitude de acceso a información pública "*Copia de todos los informes técnicos y jurídicos en especial de los órganos de asesoramiento y Secretario General del Pleno, en relación con el procedimiento de regularización del inventario de bienes municipales aprobado en dicho acto plenario de 18 de julio de 2021.*"
- En data 20.04.2022 dende a Secretaría Xeral do Pleno emítese informe ao respecto.
- En data 25.04.2022 dende a Dirección Superior Contable e Orzamentaria emítese informe ao respecto, xunto cos documentos Memoria Conta Xeral 2017 e Informe Conta Xeral 2017 (Expte. 83/143).
- En data 22.04.2022 por Resolución da concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal estimouse a solicitude formulada por dona ██████████ e polo tanto facilitarlle informes emitidos pola Secretaría Xeral do Pleno de data 20/04/2022 e informe da Dirección Superior Contable e Orzamentaria con data 25/04/2022, xunto cos documentos Memoria Conta Xeral 2017 e Informe Conta Xeral 2017 (Expte. 83/143). Dita resolución foi notificada electronicamente en data 10.05.2022

E por isto polo que a información solicitada xa foi facilitada a interesada polo que procede a inadmisión da solicitude polas causas 18.1.e) da LTAIBG.

TERCEIRO.- A resolución da solicitude correspóndelle á Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas do 26.06.2019.

Polo exposto formúlase a seguinte **PROPOSTA:**

PRIMEIRO.- Inadmitir a solicitude de acceso a información pública solicitada por ██████████ en data 12.05.2022 conforme ao disposto no artigo 18.1.a) e e) da LTAIBG.

SEGUNDO.- Dar traslado ao servizo de Patrimonio

TERCEIRO.- Notificarlle á persoa interesada e comunicarlle que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

- Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/06/2022 08:43	Páxina 7 de 8
1216-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente”.

A Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodriguez Calviño

Dou fe, a Secretaria de Administración Municipal, Susana Gallardo Fariña

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 09/06/2022 08:43	Páxina 8 de 8
1216-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		